

Exp: 1195

ID: 1091

1195



CONSELLERIA DE AGRICULTURA, GANDERIA E MONTES
DELEGACION PROVINCIAL
Servicio de Montes e Industrias Forestais
LUGO

CARPETA DEL MONTE: "REIGOSA"
COMUNIDAD PROPIETARIA: Vecinos de Reigosa
TERMINO MUNICIPAL: Samos
SUPERFICIE: 61 Ha.

Año 1.992

XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN.

Expediente de clasificación nº: 1/95.

R E S O L U C I Ó N

PRESIDENTE:

Don Luis González Vázquez.

VICEPRESIDENTE:

Don Francisco Caamaño Pajares.

VOCAIS:

Don Manuel Martínez Garrido.

Don Manuel Veiga Franco.

Don José Antonio Illán Torrón.

Don José Abelardo Blanco Serrano.

SECRETARIO EN FUNCIONES:

Don Luis Quiroga Arnal.

Na cidade de Lugo, a vinteseis de maio de mil novecentos noventa e oito, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, constituído polas persoas que á marxe se relacionan, reunido na Sala de Xuntas nº 1, da Delegación Provincial da Consellería de Presidencia e Administración Pública, adoptou a seguinte RESOLUCIÓN:

Visto no día da data o expediente número 1/95 para a clasificación como veciñal en man común do monte "DE REIGOSA", concello de SAMOS, iniciado por acordo do Xurado coa data do 9 de xullo de 1992, sendo instructor do mesmo DON MANUEL MARTÍNEZ GARRIDO, e resultando os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO: Aceptado o cargo polo Vocal Instructor, iniciouse o expediente número 1/95, poñendo como encabezamento do mesmo a certificación da Acta da sesión do Xurado, na que se acorda a iniciación do expediente e o nomeamento do Instructor.

SEGUNDO: Recabouse do Servicio de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, certificación relativa a se o monte de referencia figura incluído no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de Lugo.

TERCEIRO: Recibiuse certificación do Servicio de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, relativa a que o monte "DE REIGOSA", non figura incluído no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de Lugo.

CUARTO: Solicitáronse do Rexistro da Propiedade de SARRIA os documentos seguintes: 1º) certificación dos asentos que poidan afectar ó terreo en cuestión e que acredite o nome das persoas a favor das que estea inscrito, expresando título de adquisición, liberdade de gravames ou cargas de calquera clase inscritas ou anotadas e que estean vixentes na actualidade segundo os asentos; e 2º) certificación de se algunha das devanditas cargas fora obxecto de transmisión ou estivese afecta a algunha responsabilidade, e as limitacións de dominio e condicións ou accións resolutorias ou rescisorias que estean vixentes na actualidade.

QUINTO: Recibiuse certificación do Rexistro da Propiedade de SARRIA, no que se fai constar que o monte " DE REIGOSA " non figura inscrito nese rexistro e que non existe presentado no libro Diario e pendente de despacho ningún título relativo á finca que se certifica.

SEXTO: Comunicóuselle ó Servicio Provincial de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes a iniciación do expediente.

SÉTIMO: Comunicóuselle ó Rexistro da Propiedade de SARRIA a iniciación do expediente e solicitouse anotación preventiva.

OITAVO: Comunicóuselle ó concello de SAMOS a iniciación do expediente e remitíuselle EDICTOS para a súa colocación no taboleiro de anuncios, nos lugares de costume e nos asentamentos dos lugares e parroquia ós que pertence o citado monte.

NOVENO: Comunicóuselle ó solicitante da clasificación DON JAIME ARZA MOURELO de REIGOSA, concello de SAMOS, a iniciación do expediente.

DÉCIMO: Recibiuse comunicación do Rexistro da Propiedade de SARRIA na que se fai constar a anotación preventiva feita polo mesmo.

DÉCIMO PRIMEIRO: Recibiuse certificación do concello de SAMOS no que

anuncios do concello desde o día 6 de outubro ó trece de novembro de 1995, sen que se presentara reclamación ou suxerencia ninguna ó mesmo.

DÉCIMO SEGUNDO: Remitiuse EDICTO para a súa publicación no D.O.G., poñendo en coñecemento de tódolos interesados a iniciación do expediente, co fin de que puideran comparecer e intervir nel, na defensa dos seus dereitos e intereses.

DÉCIMO TERCEIRO: Coa data do 23 de xullo de 1996 aparece publicado o EDICTO no D.O.G., número 144, páxina 7.137, polo que se pon en coñecemento público a iniciación do expediente.

DÉCIMO CUARTO: Non se recibiu reclamación ningunha en relación coa posible clasificación do monte " DE REIGOSA " como veciñal en man común.

DÉCIMO QUINTO: No expediente de investigación previa (carpeta-ficha), despréndese que o monte " DE REIGOSA " está indiviso e suxeito a aproveitamentos mancomunais.

DÉCIMO SEXTO: O instructor do expediente na súa proposta considerou que o monte ven sendo aproveitado polos veciños do lugar de forma mancomunada e na súa condición de tales, constitúen polo tanto unha comunidade de tipo xermánico, e concluindo que o monte debe ser clasificado como veciñal en man común.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1º.- O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común ten competencia e xurisdicción para coñecer o expediente, séndolle atribuída tal competencia polo artigo 9 da Lei de Galicia 13/1989 do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común.

2º.- O monte " DE REIGOSA " tal e como se describe seguidamente, reviste o carácter de veciñal en man común cumprindo os requisitos do artigo 1 da citada Lei, dado que non se observan nel aproveitamentos individualizados.

Vistos os antecedentes de feito e os fundamentos de dereito anteriores, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, resolve:

CLASIFICAR como veciñal en man común o monte das seguintes características:

Nome: " DE REIGOSA ".
Pertenza: veciños do lugar de Reigosa.
Parroquia: San Cristovo do Real.
Superficie: 61 ha.
Concello: Samos.

Lindeiros:

Norte: predios particulares dos veciños de Abradelo. Leste: monte comunal dos veciños de Abradelo. Sur: monte comunal dos veciños de Nande. Oeste: máis monte particular dos veciños de Reigosa e predios particulares dos veciños de Reigosa.

Descrición do Perímetro:

Comezando no norte, na valgada coñecida como "Rego de Valoscuro", linda cun prado propiedade de DON JAIME ARZA MOURELO, sube pola referida valgada, na dirección surleste, ata o camiño antigo de Abradelo ó monte. Transcorre na dirección sur ata o lugar coñecido por "Fontiñas" onde concorren os montes de Abradelo e de Nande. Baixa, na dirección noroeste, polo rego de Reigosa ata os predios particulares. Na dirección norte linda cos predios particulares dos veciños de Reigosa, ata o punto de partida.



[Handwritten signature]

[Handwritten signature]

[Handwritten signature]

[Handwritten signature]

Esta tenencia fue interrumpida temporalmente por las ocupaciones realizadas por los vecinos con fines agrícolas, las cuales, pasado un tiempo, y debido a la baja calidad del terreno, eran abandonadas, retornando de nuevo al patrimonio común.

Los aprovechamientos actuales consisten en el pastoreo, recogida de leñas y esquilmos.

1.5. ACTITUD DE LA COMUNIDAD PROPIETARIA

Estos montes presentan una zona indivisa y sujeta a aprovechamiento mancomunado y es considerada por la comunidad propietaria como vecinal en mano común.

Es por ello que los citados vecinos se ponen en contacto con la Administración Forestal demandando de ella la clasificación de los terrenos afectados como vecinales en mano común.

2. ESTADO FISICO

2.1. SITUACION, ORIENTACION, PENDIENTES, ALTITUD, ACCESOS.

El monte denominado "REIGOSA" forma parte de la Sierra del Oribio, cerca del límite con el Término Municipal de Triacastela y conformando la cuenca alta del río Sarria.

La orientación dominante es Oeste o Noroeste.

Tiene una pendiente moderada o fuerte y uniforme, situándose sus cotas extremas entre los 1.120 y los 800 metros.

Se accede a él mediante una pista que lo rodea parcialmente.

2.2. SUPERFICIE.

Sesenta y una (61) hectáreas.

2.3. LIMITES

N.- Propiedades particulares de los vecinos de Abradelo.

E.- Monte comunal de los vecinos de Abradelo.

S.- Monte comunal de los vecinos de Nande.

O.- Más monte particular de los vecinos de Reigosa y fincas particulares de los vecinos de Reigosa.

2.4. DESCRIPCION DEL PERIMETRO.

Comenzando en el Norte, en la vaguada conocida como "Rego de Valoscuro", toca con un prado propiedad de D. Jaime Arza Mourelo; asciende por la mencionada vaguada, en dirección Sureste, hasta el camino antiguo de Abradelo al monte. Transcurre en dirección Sur hasta el lugar conocido por "Fontiñas" donde concurren los montes de Abradelo y de Nande. Desciende, en dirección Noroeste, por el rego de Reigosa hasta las fincas particulares. En dirección Norte limita con propiedades particulares de los vecinos de Reigosa, hasta el punto de partida.

3. ESTADO ECONOMICO

3.1. ESTADO FORESTAL.


La vegetación natural arbórea está formada por la típica "Fraga", representada por el "Quercus robur". Se localiza en las vaguadas y en el fondo de las laderas, en pequeños rodales.

En cotas de más altura se encuentra el monte raso, poblado principalmente por tojos, brezos y retamas de medio desarrollo. El estado generaldel monte es de regresión.

No existen aprovechamientos.

3.2. ESTADO SOCIO - ECONOMICO.

Comarca escasamente poblada, cuyos núcleos de población o aldeas, es



INSTITUTO GALLEGO DE AGRICULTURA
SERVICIO DE SANEAMIENTO RURAL
LUGO, Octubre de 1.992
INGENIERO TECNICO
Miguel Arias Sánchez
Fd.º: Miguel Arias Sánchez.